

Celga



4

PROBA B (ORAL)



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Modelo: C4O/2008-2/B

PARTE 1 (Transcripción do texto oral)

TECNOLOXÍAS

Deseguido vai ver dúas veces seguidas unha reportaxe sobre as novas tecnoloxías nas aulas. Tome as notas que precise.

Este campo de baloncesto baleiro de xogadores só sería unha imaxe máis, de non ser porque estamos nun instituto e na hora do recreo. E aínda que hai algúns rapaces que prefiren darlle ao balón, a maioría están aquí, na biblioteca do centro, traballando coa axuda dos seus ordenadores portátiles. No instituto da Pastoriza en Arteixo, estase a desenvolver un proxecto experimental para introducir as novas tecnoloxías na educación. Trátase dunha iniciativa da fundación Amancio Ortega do Concello de Arteixo, que posibilita o acceso dos alumnos ao seu propio ordenador, en virtude dun sistema de financiamento, e que permite o uso do portátil nas aulas e, en calquera espazo do centro, grazas a unha rede sen cables.

- Patrik Mendelson di que os nenos actualmente nacen co *nudo* do clic, *i* que a escola, *si* permanece allea a esa, a esa realidade, pois está condenada ao fracaso. Nós cremos que *si*, é dicir, nós vemos que, que, que os rapaces van moitísimo máis rápido na aprendizaxe de determinadas ferramentas, incluso que os propios profesores. Entonces, hai que aproveitar esa, todas esas *ventaxas*.

Os alumnos utilizan o ordenador na clase como unha ferramenta que lles axuda na comprensión da materia e que os motiva nos seus estudos. Algúns son capaces incluso de arranxar os aparellos nunha aula do centro, convertida agora nun taller de reparacións. Pero ademais os profesores destacan outras vantaxes deste novo xeito de aprender.

- En primeira instancia, o que *si* temos *observao*, é que a introdución paulatina dos ordenadores vai procurando unha *disminución*, cada vez máis, máis evidente, de conflitividade no centro, e máis tendo en conta, pois *eso*, un pouco, as características propias do Concello de, de Arteixo, pois que ten unha estrutura social moi determinada, pois derivada de, un pouco da súa situación xeográfica e tamén da configuración do propio, do propio concello.

- A min *se me*, *se me* acorda, do ano pasado, un rapaz que tiña un problema, chegou a ter un problema de absentismo escolar *mui* grave, do que, que foi notificado no seu tempo *i* aberto por parte dos servizos sociais do concello. *I* que un pouco, pola capacidade motivadora, integradora especialmente para *chavales*, como *decía* antes que, para os que o ordenador, cando teñen problemas, supón sempre unha segunda oportunidade de volver a poder facer algo que ten visualmente o aspecto *i* a calidade do que fan os seus compañeiros. *Bueno*, eu, atopábao na porta, e cando chegaba á escola estaba esperando a que abirán, creo que non faltou ningún día máis.

Permitirle ao profesor un tratamento individualizado dos seus alumnos, mellorar as capacidades comunicativas dos rapaces e potenciar as súas actitudes, son outras consecuencias que está a traer os usos dos ordenadores nas aulas e, máis neste centro da Pastoriza, onde conviven alumnos de trece nacionalidades diferentes.

- *Me vén á memoria agora, pois, unha rapaza que vén de Marrocos, viña de Marrocos, e tiña, pois, como todos os rapaces que chegan aquí, certa dificultade para comunicar, para falar, pero, o poder utilizar ferramentas visuais, o poder apoiarse por*

un traballo de calidade feito co ordenador, de, de poder corraxir os seus erros, perdeu o medo, quizais, a mostrar o seu traballo, *i* eu a recordo recitando nun auditorio, no centro cívico, diante de trescentas cincuenta persoas, unha composición poética apoiada en *imaxenes*, cousa que, ao *millor sin* esa ferramenta, pois, lle *costaría* máis facer, non?

Pedro Martín, o profesor de matemáticas do centro, comproba cada día, como o uso do ordenador lles axuda aos seus alumnos a comprender as explicacións. A representación de rectas e parábolas, por exemplo, pasa a ter un novo atractivo para os rapaces, grazas ás novas tecnoloxías.

- Eu explico tamén no encerado con *tiza*, como, como sempre, pero teño unha ferramenta que é o ordenador, que é unha especie de calculadora moito máis potente, que traballa con programas específicos de matemáticas, ferramentas de autor, para que, o que o departamento de matemáticas comprou a *licencia*, como son o de “Libre Ocavis”, se se pode dicir, que estamos facendo, parece que publicidade. Outros como, que son software gratuítos, como a folia de cálculo en Office, e tamén hai moitas páxinas en internet, ás que temos acceso desde a aula, porque temos conexión Wifi, e con exercicios interactivos, que permiten incluso a veces *plantexar* como un xogo, de respostas e preguntas, incluso con tempo limitado e demais e exercicios matemáticos, por exemplo, resolución de ecuacións, non? Que en principio non parece unha cousa así, divertida.

O informe internacional Pisa para a avaliación dos estudantes do ano 2003, dicía que máis do 20 por cento dos alumnos españois de secundaria, non eran capaces de superar exercicios básicos de matemáticas, ciencia ou lectura, e situaba o nivel de excelencia destes rapaces, nun dos máis baixos de Europa. O uso das novas tecnoloxías pode mudar esta tendencia. Un proxecto de investigación da Universidade Autónoma de Madrid, xa demostrou recentemente que o uso de ferramentas informáticas mellora o ensino e a aprendizaxe das matemáticas na ESO e nos Bacharelatos.

- Nós estamos nesa liña, cremos que a introdución das novas tecnoloxías vai a mellorar os resultados, non *solo* no informe PISA, é dicir, o informe PISA é unha especie de termómetro que axusta en cada momento máis ou menos *donde* está cada país. Nós cremos que a introdución das novas tecnoloxías vai a mellorar os resultados, en xeral do ensino, e por tanto, evidentemente os resultados que poidan aparecer no *siguiente* informe PISA.

Este proxecto educativo estase a desenvolver en tres centros públicos de Arteixo. Os seus promotores confían nas posibilidades da iniciativa e na súa universalización, xa que podería ser asumida por outras administracións públicas ou organizacións privadas nun futuro inmediato.

PARTE 2

1. PREGUNTAS RELATIVAS Á VIDA PERSOAL (non avaliadas)

2. RESUMO E OPINIÓN SOBRE O CONTIDO DO AUDIO

- Que lle parece o proxecto que se está a realizar nos institutos?
- Coñecía vostede algo deste tema?

3. EXPOSICIÓN

Realice unha exposición (de 3-4 minutos) acerca da seguinte afirmación:

- OPCIÓN A: “A fame é para nós unha lembranza afastada ou allea. Pero para unha boa parte da humanidade é aínda un feito desgraciadamente real”
- OPCIÓN B: “En Galicia celébrase todo comendo”
- OPCIÓN C: “En Galicia pasouse case nunha xeración de pasar fame a termos problemas de obesidade”

4. PREGUNTAS DE INTERACCIÓN

OPCIÓN A

“O uso esaxerado de ordenadores e internet nas aulas fará que se deixen de lado outros aspectos necesarios para o desenvolvemento persoal e cultural dos adolescentes.”

- Os rapaces e adolescentes pasan moito tempo coa consola, o ordenador etc. Cre que lles queda tempo para ler ou escribir á man?
- As habilidades que se empregan no uso das novas tecnoloxías son importantes no desenvolvemento da persoa?
- Cales serían para vostede as vantaxes e desvantaxes do uso das novas tecnoloxías na educación?

OPCIÓN B

“Hoxe en día téñense demasiado en conta os gustos dos rapaces e adolescentes e non tanto os obxectivos dos programas de ensino e a educación precisa para a vida de adultos.”

- Non cre que a educación está moi orientada cara a aprender deleitándose, xogando e que se perden os obxectivos principais?
- Falta disciplina e cultura do esforzo?

OPCIÓN C

“O problema é que a maioría dos pais e educadores se senten máis inseguros e menos formados ca os adolescentes no tocante aos coñecementos e habilidades relacionadas coas novas tecnoloxías.”

- As novas tecnoloxías poden ser un sinal de salto xeracional?
- Cal é a solución para pais e educadores que non medraron na cultura dos ordenadores e da informática?

OPCIÓN D

“A maioría dos centros non contan cos orzamentos necesarios para desenvolveren proxectos baseados no uso das novas tecnoloxías.”

- En que outros puntos se debería investir o orzamento?
- Coñece vostede casos nos que se conte con moitos medios pero non se usen por deixamento ou desinformación?